



Concello de Lugo

A Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador do programa infantil San Froilán Miúdo 2020, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN MIÚDO 2020", de acordo coas seguintes

BASES:

1ª.- Poderán concorrer cantos rapaces e rapazas o desexen, menores de 15 anos, con traballos de técnica libre, presentando cada un cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª.- Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: LUGO, SAN FROILÁN MIÚDO 2020.

3ª.- O autor ou autora do deseño que resulte gañador recibirá un premio consistente en material de pintura, valorado en 300 €.

4ª.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos.
O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os autores renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu curriculum.

5ª.- A entrega de orixinais, por correo ou persoalmente farase na Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, poderase efectuar desde a convocatoria do concurso ata o luns, 31 de Agosto ás 14.30 horas.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos do participante, tales como nome, apelidos, enderezo, correo electrónico da nai ou do pai e teléfono.

7ª.- Os carteis terán as dimensións dun DIN A-4 (21 x 29,7 cm) como mínimo, e deberán entregarse montados sobre cartón pluma ou soporte ríxido. Non se admitirán os presentados con cristal.

8ª.- O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia.

9ª.- As obras non premiadas devolveránselles aos autores que o soliciten nun prazo dun mes a partir do coñecemento do ditame do xurado. Os orixinais que non fosen reclamados serán destruídos sen que sexa admisible recurso ningún sobre esta resolución.

10ª.- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e o gañador do certame

comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado oportunamente.

11ª.- Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

12ª.- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.